## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de mejorar el firme en la N-120A en Pantón.**

La N-120a tiene dos tramos principales, uno que va desde Torrón en Os Peares hasta la capital del Concello de Pantón en O Castro de Ferreira, el segundo, comprende desde la localidad hasta el límite con el Concello de Monforte, en la parroquia pantonesa de San Mamede de Mañente.

El estado actual de esta carretera es de total abandono y mantenimiento inexistente. De esta forma, tras años sin un mínimo de atención, el firme se encuentra completamente deteriorado y, en los márgenes, la maleza invade los carriles de circulación, llegando a cubrir por completo los arcenes.

Es necesario realizar la reparación integral de esta carretera, principal vía de comunicación para los vecinos del Concello de Pantón. De hecho, las personas que residen en las parroquias de Santo Estevo de Atán y Santo André de Següín tienen que acceder necesariamente por ella, pero también es de uso habitual para quienes viven en otras parroquias vecinas.

Además, sirve de acceso a muchos de los elementos del patrimonio histórico y cultural de la zona. Por medio de la misma se accede a la zona cercana a la Torre da Bastida, declarada Bien de Interés Cultural y a las parroquias de San Vicente de Pombeiro y Santo Estevo de Atán, cuyas iglesias parroquiales románicas también han sido declaradas BIC. Asimismo, esta carretera lleva al cruce con la carretera provincial que conduce a la cascada de Augacaída, uno de los monumentos naturales más visitados de la Ribeira Sacra y que goza de la protección del paisaje como BIC, formando parte de la candidatura de la Ribeira Sacra a patrimonio mundial.

Debido a su trazado sinuoso y, en especial, al mal estado del firme, es habitual que se produzcan accidentes, por lo que para garantizar la seguridad de los vehículos que circulan por la misma, se deberá proceder a su reparación lo antes posible y a limpiar los arcenes y

cunetas.

En septiembre de 2021, el Gobierno respondió por escrito al BNG que los trabajos de limpieza y reparación de firmes y marcas viales se habían programado dentro de los servicios de mantenimiento de la N-120 en Lugo. Sin embargo, a día de hoy no se han realizado mejoras ni reparaciones en la N-120a, que acumula años de abandono que hacen que su firme sea cada vez más intransitable.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuáles son las previsiones del Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para acometer la mejora del firme y las labores de limpieza viaria de la N-120A a su paso por el Concello de Pantón?
2. ¿Cuándo realizará las actuaciones de conservación y reparación de la N-120A en Pantón?
3. ¿Comenzará las labores de limpieza de los márgenes para garantizar el tránsito seguro de peatones y ciclistas, así como para ayudar a prevenir la propagación de incendios forestales ahora que comienzan los meses de verano? ¿Si es así, cuándo tendrán lugar?
4. ¿Es consciente del mal estado de la superficie vial que dificulta el desplazamiento diario de gran parte de la población del Concello de Pantón?

Madrid, a 9 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
09 JUN. 2025 16:09:41
Entrada 71765

# Pregunta sobre a reparación do firme e as labores de limpeza na N-120A en Pantón

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 71836 09/06/2025 17:57

## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de mellora do firme na N-120A en Pantón.**

A N-120a ten dous tramos principais, un que vai do lugar do Torrón nos Peares até a capital do Concello de Pantón no Castro de Ferreira, o segundo, comprende desde a vila até o límite co Concello de Monforte, na parroquia pantonesa de San Mamede de Mañente.

O estado desta estrada na actualidade é de total abandono e cun mantemento inexistente. Así, despois de anos sen un mínimo de atención, o firme encóntrase completamente deteriorado e, nas marxes, a maleza invade os carrís de circulación, chegando a cubrir totalmente as beiravías.

É preciso atender a reparación integral desta estrada que é a principal vía de comunicación para a veciñanza do Concello de Pantón, de feito, as persoas residentes nas parroquias de Santo Estevo de Atán e Santo André de Següín teñen, necesariamente que acceder por esta, mais tamén é utilizada habitualmente por aquelas que viven noutras parroquias lindeiras.

Ademais, serve de acceso a moitos dos elementos do patrimonio histórico e cultural da zona. Así, leva até a zona próxima á Torre da Bastida, declarada como Ben de Interese Cultural e ás parroquias de San Vicente de Pombeiro e de Santo Estevo de Atán, cuxas igrexas parroquiais románicas foron declaradas tamén BIC. Así mesmo, esta estrada leva ao empalme coa estrada provincial que

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
09 JUN. 2025 16:09:41
Entrada 71765

C.DIP 71836 09/06/2025 17:57

conduce á fervenza de Augacaída, un dos monumentos naturais máis visitados da Ribeira Sacra e que goza da protección de BIC da paisaxe facendo parte da candidatura a patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra.

Debido ao seu trazado sinuoso e, especialmente ao mal estado do firme, é habitual que se produzan accidentes, polo que para garantir a seguridade dos vehículos que circulan pola vía debe procederse ao seu arranxo á maior brevidade e á limpeza das beiravías e cunetas.

En setembro de 2021 o Goberno respondía por escrito ao BNG que os labores de limpeza e as reparacións de firmes e marcas viarias foran programados dentro dos servizos de conservación da N-120 en Lugo. Porén, a día de hoxe ningunha mellora nin reparación foi acometida na N-120a que acumula anos sen atención que fan que o seu firme sexa cada vez máis intransitábel.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. ¿Cales son as previsións do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel para acometer a mellora do firme e as labores de limpeza viaria na N-120A ao seu paso polo Concello de Pantón?

2. ¿Cando acometerá as actuacións de conservación e reparación do firme nesta N-120A en Pantón?

3. Iniciará labores de limpeza nas marxes para asegurar o paso seguro de peóns e ciclistas ademais de axudar a previr a propagación de incendios forestais agora que dan comezo os meses estivais? De ser así cando terán lugar estas?

09 JUN. 2025 16:09:41 Entrada: 71765

C.DIP 71836 09/06/2025 17:57

4. É consciente do mal estado da capa de rodadura que dificulta os desprazamentos diarios dunha grande parte da poboación do Concello de Pantón?

Madrid, a 9 de xuño de 2025



Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

09 JUN. 2025 16:09:41 Entrada: 71765